



Juan Carlos Artech e Pedro Ramos proclámanse Campións Provinciais e Pedro Varela e Leonardo Sueiros gañan en Cans de Parada na XI Festa da Caza de Lugo

O pasado 26 de Maio tiña lugar en Portomarín a décimo primeira edición da Festa da Caza de Lugo, que nun apretado calendario incluía dous campionatos provinciais: Cans de Rastro atrelados na modalidade de Xabaril e San Huberto e tamén unha proba de Cans de Parada.

Na modalidade de Rastro de Xabaril, que comezaba ás 9h da mañá no Monte do Cristo de Portomarín, participaban un total de 35 monteiros. Cunha climatoloxía moi axeitada para a proba, foi finalmente o lucense Pedro Ramos co seu can 'Falco' quen se proclamou vencedor da proba e Campión Provincial, cun total de 485 puntos. A clasificación quedou da seguinte maneira:

Clasificación Rastro de Xabaril

Pos.	Cazador	Can	Provincia	Puntos
1º	Pedro Ramos	Falco	LU	485
2º	Alvaro Fontenla	Terco	PO	446
3º	Omar Rial	Chusco	CO	443
4º	Luis Otero Alonso	Brus	LU	433
5º	Antonio Espiño	Tato	PO	404



Nuns campos anexos do mesmo Monte de Cristo, tiña lugar a proba de San Huberto que se disputaba a tres campos. O vencedor da proba foi o ferrolán Roberto Dopico que gañaba así a Copa de Lugo da modalidade, mentres que o segundo clasificado era o lucense Juan Carlos Artech, proclamándose polo tanto Campión Provincial nesta modalidade. A clasificación quedou pois como segue:

Clasificación San Huberto

Pos.	Cazador
1º	Roberto Dopico
2º	Juan Carlos Artech
3º	René Vale
4º	Jaime Aneiros
5º	Eloy Rodriguez



A uns kilómetros da proba de San Huberto, no Monte Castelo de Vilaxuste, disputábase tamén a proba correspondente á modalidade de Cans de Parada, nuns terreos excepcionalmente axeitados para esta modalidade. En razas continentais só conseguiu puntuar o braco alemán 'Listo de Mirandaola', propiedade de Leonardo Sueiras, que acadou un 1º Excl. En razas británicas, o pointer 'Stone de Ruinar' de Pedro Varela alzouse coa máxima distinción: 1º Excl. En segundo lugar quedou a pointer de José Sanmartín, 'Ja da Chousa'. As posicións quedaron da seguinte maneira:



Clasificación Británicas

Pos.	Conductor	Can	Raza/Sexo
1º	Pedro Varela	Stone	P.M.
2º	José Sanmartín	Já da Chousa	P.H.
3º	Juan Fraguela	Pirata	S.I.M.
4º	Antonio Vilar	Ney	P.M.
5º	Antonio Vilar	Yon	S.I.M.

Clasificación Continentais

Pos.	Conductor	Can	Raza/Sexo
1º	Leonardo Sueiros	Listo	B.A.M.

Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com